#1

CADERNOS
DA CÁTEDRA
CARVALHO
CALERO

CARVALHO EM CASTELAO



CÁTEDRA
INSTITUCIONAL
CARVALHO
CALERO

4 artigos
no 75 aniversário
do falecimento



CARVALHO EM CASTELAO

CARVALHO
EM
CASTELAO

4 ARTIGOS
NO 75 ANIVERSÁRIO
DO FALECIMENTO

CÁTEDRA
INSTITUCIONAL
CARVALHO
CALERO

Carvalho em Castelao:
4 artigos no 75 aniversário do falecimento

© 2025 Carvalho Calero.

Cadernos da Cátedra Carvalho Calero #1

Ediçom nom comercial.
Tiragem especial limitada.
23 de setembro de 2025.

Número ..... de 300.

Diretor da coleçom:
Carlos Quiroga

Design, maqueta e impressom:
Departamento de Design da
Sacauntos Cooperativa Gráfica
www.sacauntos.com

CC BY-SA 3.0. És livre de compartilhar ou transformar a obra sem mais restriçons que: 1) indicar a autoria original e 2) distribuir qualquer cópia ou derivado baixo as mesmas condiçons. Licença íntegra: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.pt







PREFÁCIO BÁSICO


A especial devoçom de Carvalho por Castelao prova-se na enorme quantidade de trabalhos que dedicou ao intelectual, político e artista. Reunidos em volume monográfico (*Escritos sobre Castelao*, Compostela: Sotelo Blanco, 1989, 305 pp.) ou salpicando incontáveis artigos de imprensa, por vezes coletados em volume específico e noutros casos integrados em conjuntos, com estudos vários, evidenciam tamém como se filia o pensamento de Carvalho no de Castelao no que se refere à língua galega. É a mesma concepçom de que procede precisamente o malditismo em que caiu Carvalho diante dos poderes emanados da ditadura. Tal elementar coincidência é a que se exibe nesta selecta mínima de 4 artigos, recolhidos da versom em livro, depois de terem passado todos em primeira publicaçom por *La Voz de Galicia*. Castelao aparece

reintegrado no lugar de referência nom só de Carvalho, mas de toda tradiçom galeguista nom deturpada, a que recolhe D. Ricardo e a que convoca as atividades desta Cátedra que tal mestre incontornável patrocina. O nosso propósito será acender nova chama sobre os rescaldos da generosa tradiçom que nos lega.

Cátedra Institucional
Carvalho Calero - USC

Fum destinado ao Noveno Corpo do Exército, logo Exército de Andalucia, e xa non volvin a ver a Castelao, agás nalgunha licéncia que me permitiu trasladar-me desde Andalucia a Valéncia. Nunha desas visitas, sostiven unha longa conversa con Castelao, à que me teño referido en certas ocasións. Dixo-me que estivera a ponto de ser nomeado xefe da delegazón española en Buenos Aires, e que tivera o propósito de levar-me como colaborador…

— M. A. Fernán-Vello e F. Pillado Mayor,
Conversas en Compostela con Carballo Calero.
Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1986. p. 98.



TEMAS DEL PAIS

De Rosalía a Castelao

Por RICARDO CARBALLO CALERO

Castelao nace o ano seguinte a aquel en que Rosalía morre. Os muitos mitógrafos e mitólogos con que contan as letras galegas actuais, verán sen dúvida nesta coincidência algo así como unha predestinazón simbólica. Creio pasados os tempos en que lirismos e misticismos patrióticos constituían a matéria balística a man para disparar cara o futuro, ainda que podamos ver como moitos de nós, os sobreviventes daqueles tempos, somos incapaces de adecuar a nosa linguaxe ás circunstâncias da vida moderna. Ainda que, segundo certa poesía paralitúrgica galego-portuguesa, «pouco vai de galileo a galego», e así, conforme a carne, o redentor dos homes case podería ser unha figura nacional —mesmo pudo nacer «en Belén de Portugal, non en Belén de Judea»—, parece prudente acoller con reservas toda doutrina que faga do galego un povo eleito por Deus, como o hebreu, e mesmo de Deus unha divindade nacional. Hai povos escollidos pola adversidade, e o noso semella un deles; mas é unha teoloxía demasiado aristocrática a que postula a existência de povos escolleitos por Deus. Cando menos, logo da promulgazón da Nova Lei, que declara caducada a Antiga.

Ora Rosalía e Castelao constitúen unha diarquía no corazón dos galegos. Por algo as suas personalidades —uns poucos trazos das suas vidas, unhas poucas liñas das suas obras— calaron na consciência popular en forma incomparável con aquela que lles foi outorgada a outras egrégias personalidades da nosa cultura. Reducidas a esquema, estilizadas —pois deste modo apreija o povo a realidade—, estas duas figuras son as duas figuras epónimas da história de Galiza, tal como a senten as gentes do comun.

Tivemos un ano rosaliano. Borobó supón que as comunicazóns apresentadas ao Congreso celebrado en Santiago terán comenzado a publicar-se en boletins universitários, en cadernos de estudos, en revistas minoritárias. Non, que eu saiba, porque está prevista e en marcha a impresón das actas do Congreso, con todas as comunicazóns e ponéncias, en edizón autónoma.

Castelao sen dúvida atingirá este ano unha sorte semellante á antingida por Rosalía o ano pasado. Como está mais perto de nós, como vivemos ainda alguns que o tratamos, que fomos os seus amigos ou os seus adversários, que combatémos ao seu carón ou en contra del, será mais difícil tratar objectivamente alguns aspectos da sua personalidade; concretamente, o aspecto político. Tamén Rosalía ten un aspecto político. Cando fala dos bravos comabtentes que van caindo e de outros que, no baleiro que os mortos deixan, virán a proseguir a loita; cando convida os seus paisanos a destruir as guaridas do

«De Rosalía a Castelao»
(*La Voz de Galicia*, 15/01/1986, p. 18)
(*Umha voz na Galiza*, Compostela: Sotelo Blanco, 1992, pp. 208-210)

DE ROSALÍA A CASTELAO

Castelao nace o ano seguinte a aquel en que Rosalia morre. Os muitos mitógrafos e mitólogos con que contan as letras galegas actuais, verán sen dúvida nesta coincidéncia algo así como unha predestinazón simbólica. Creio pasados os tempos en que lirismos e misticismos patrióticos constituían a matéria balística a man para disparar cara o futuro, ainda que podamos ver como muitos de nós, os sobreviventes daqueles tempos, somos incapaces de adecuar a nosa linguage ás circunstáncias da vida moderna. Ainda que, segundo certa poesía paralitúrgica galego-portuguesa, «pouco vai de galileo a galego», e asi, conforme a carne, o redentor dos homes case poderia ser unha figura nacional — mesmo pudo nacer «en Belén de Portugal, non en Belén de Judea» —, parece prudente acoller con reservas toda doutrina que faga do galego un povo eleito por Deus, como

o hebreu, e mesmo de Deus unha divindade nacional. Hai povos escollidos pola adversidade, e o noso semella un deles; mas é unha teología demasiado aristocrática a que postula a existéncia de povos escolleitos por Deus. Cando menos, logo da promulgazón da Nova Lei, que declara caducada a Antiga.

Ora Rosalia e Castelao constituen unha diarquia no corazón dos galegos. Por algo as suas personalidades — uns poucos trazos das suas vidas, unhas poucas liñas das suas obras — calaron na consciéncia popular en forma incomparável con aquela que lles foi outorgada a outras egrégias personalidades da nosa cultura. Reducidas a esquema, estilizadas —pois deste modo apreija o povo a realidade— estas duas figuras son as duas figuras epónimas da história de Galiza, tal como a senten as gentes do común.

Tivemos un ano rosaliano. Borobó supón que as comunicazóns apresentadas ao Congreso celebrado en Santiago terán comenzado a publicar-se en boletins universitá[i]r[i]os, en cadernos de estudos, en revistas minoritárias. Non, que eu saiba, porque está prevista e en marcha a impresón das

actas do Congreso, con todas as comunicazóns e ponéncias, en edizón autónoma.


Castelao sen dúvida atingirá este ano unha sorte semellante á atingida por Rosalia o ano pasado. Como está mais perto de nós, como vivemos ainda alguns que o tratamos, que fomos os seus amigos ou os seus adversários, que combatemos ao seu carón ou en contra del, será mais difícil tratar objectivamente alguns aspectos da sua personalidade; concretamente, o aspecto político. Tamén Rosalia ten un aspecto político. Cando fala dos bravos comabatentes que van caindo e de outros que, no baleiro que os mortos deixan, virán a proseguir a loita; cando convida os seus paisanos a destruir as guaridas do vampiro odioso se non queren que os guerreiros morran obscuros antes de ver a pátria redimida — conceitos e palavras que literalmente se achan en textos incluidos postumamente no seu último livro —, Rosalia está facendo pura poesía política. De forma que, ainda que non teña sido deputada a Cortes nen secretária política de nengun partido, a sua dimensón cívica é tan evidente que non pode ser negada. Algunha

referéncia a esta faceta rosaliana foi feita no pasado Congreso.

A personalidade política de Castelao é, naturalmente, mais obvia. E tamén é hora de estudá-la objectivamente, o que non quer dicer que non dispoñamos já de estimáveis aproximazóns a este ángulo da sua realidade. Como praticamente todo o mundo pretende ser devoto de Castelao — mesmo aqueles que no seu tempo vestiron a libré dos seus perseguidores —, o primeiro que hai que facer — e algo tamén se fixo — é achegar-se á sua figura com ánimo de historiador, e non de hagiógrafo, e menos de reconversor. Hai unha certa tendéncia a recobrir Castelao de unha capa de interpretazón *corrigendi gratia* que o fai precursor dos que hoje se consideran os seus seguidores. Hai unha versón do seu *Sempre en Galiza* que poderia titular-se *Algunhas veces en Galicia*. Mas Castelao escreveu o que escreveu, e mesmo seria conveniente que o lesen mellor aqueles que no seu nome pretenden excomungar aos que o ven como foi e non como o quer recompor unha certa cirurgia macabra que deseja normalizar o seu pensamento.

En Rosalia, como en Castelao, hai calcos dos seus respectivos tempos, que, polo que se refere a questons ideológicas, poden reclamar explicazón e arquivo. Mas hai tamén un elemento vivo común, que deve ser decididamente registado, sen dilui-lo en interpretazóns oportunistas. Que o povo teña escollido estas duas figuras como símbolos do espírito comunal, é un feito consolador para os pesimistas, pois revela que — se cadra, na subconsciéncia — ese povo se sente representado por un pensamento, ou un sentimento, que afirma con enérgica continuidade a sua substantividade radical. E iso é mui importante, porque é unha questón de princípio. O demais son fórmulas políticas; realistas, utópicas, prudentes, hipócritas; o que seja. Mas en todo caso acidentais para definir o galeguismo de cadaquén. Mentres que o princípio define esencialmente o galeguismo do povo galego.

1986



BLOC DE NOTAS

As dúas bandas da ría

Por RICARDO CARBALLO CALERO

Un escritor importante interesa, decerto, qualquer que sexa a língua en que escreve, a todo estudioso da literatura. Ao estudioso da literatura galega, enquanto tal, a obra de Valle-Inclán interesa-lle sob o aspecto de literatura comparada. Galego o autor e galega unha parte da sua temática, é interesante para aquel estudioso relacionar a obra do vilanovés coa produzón contemporánea escrita na língua própria do país, esa língua que, conforme a jurisprudéncia solenemente formulada, nengun galego ten o dever de coñecer, ainda que se ese galego é un estudante e o idioma galego está no plano dos seus estudos, o estudante nom pode eximir-se de estudar o seu idioma.

O que parece significar unha destas duas cousas: ou que ese estudante non é ningúen, já que está obrigado a unha servidume que a ninguén obriga, ou que a sua obriga de estudar o galego non é incompatível co seu direito a ignorá-lo, o que supón un estudo que non seja instrumento de coñecimento.

Este ano celebra-se o cinquentenário da morte de Valle-Inclán e o centenário do nacimento de Castelao. Resulta esclarecedor en muitos aspectos para un estudioso da literatura lingüísticamente galega, estudar a personalidade do primeiro dos ditos escritores desde a perspectiva do segundo.

Valle-Inclán e Castelao personifican respectivamente as duas maneiras de conceber o galeguismo literário. Aquel, como galeguismo integrado na unidade superior da literatura española —regionalismo. Este, como galeguismo integral e autárquico —nacionalismo.

Valle-Inclán trata a sua matéria galega en castellano, castellano que borrifa de dialectalismos galeguizantes. Considera o galego como unha língua inventada por un fato de poetas, sen realidade efectiva, a diferenza do portugués, que é unha grande língua formalizada.

Castelao, enquanto autor de literatura de criazón, é un escritor monolingüe galego que propugna a confluéncia do galego co portugués, mas que procede artisticamente promovendo a elevazón da língua falada depurada de barbarismos, ao nivel do uso literário.

Unha parte da obra de Valle-Inclán é literatura regional galega en castellano. Ao pasar do modernismo ao expresionismo, Valle abandona o seu regionalismo de outros tempos.

O esperpentismo ten unha origen castellana popular, beneficiada anteriormente pola picaresca, Quevedo, Goya, Arniches. É a visón do marginado, para quen non funcionan os esquemas do poderoso. Non se trata da reazón de un proletariado exterior —o galego— face a nazón dominante. É a resposta de un proletariado interior —o povo como clase— face à moral cavaleiresca.

Neste sentido, Castelao opón-se a Valle-Inclán como a perspectiva do señor se opón à perspetiva do vasalo. Valle escreve para os españois, e Castelao para os galegos.

Mas a evolución artística do esteticismo modernista ao expresio-

As dúas bandas da ría
(*La Voz de Galicia*, 31/10/1986, p. 23)
(*Umha voz na Galiza*, Compostela: Sotelo Blanco, 1992, pp. 236-237)

AS DÚAS BANDAS DA RÍA

Un escritor importante interesa, decerto, qualquer que seja a língua en que escreve, a todo estudioso da literatura. Ao estudioso da literatura galega, enquanto tal, a obra de Valle-Inclán interesa-lle sob o aspecto de literatura comparada. Galego o autor e galega unha parte da sua temática, é interessante para aquel estudioso relacionar a obra do vilanovés coa produzón contemporánea escrita na língua própria do país, esa língua que, conforme a jurisprudéncia solenemente formulada, nengun galego ten o dever de coñecer, ainda que se ese galego é un estudante e o idioma galego está no plano dos seus estudos, o estudante nom pode eximir-se de estudar o seu idioma.

O que parece significar unha destas duas cousas: ou que ese estudante non é ningúen, já que está obrigado a unha servidume que a

ninguén obriga, ou que a sua obriga de estudar o galego non é incompatível co seu direito a ignorá-lo, o que supón un estudo que non seja instrumento de coñecimento.

Este ano celebra-se o cinquentenário da morte de Valle-Inclán e o centenário do nacimento de Castelao. Resulta esclarecedor en muitos aspectos para un estudioso da literatura lingüísticamente galega, estudar a personalidade do primeiro dos ditos escritores desde a perspectiva do segundo.

Valle-Inclán e Castelao personifican respectivamente as duas maneiras de conceber o galeguismo literário. Aquel, como galeguismo integrado na unidade superior da literatura española — regionalismo. Este, como galeguismo integral e autárquico — nacionalismo.

Valle-Inclán trata a sua matéria galega en castellano, castellano que borrifa de dialectalismos galeguizantes. Considera o galego como unha língua inventada por un fato de poetas, sen realidade efectiva, a diferenza do portugués, que é unha grande língua formalizada.

Castelao, enquanto autor de literatura de criazón, é un escritor monolingüe galego que

propugna a confluéncia do galego co portugués, mas que procede artisticamente promovendo a elevazón da língua falada depurada de barbarismos, ao nível do uso literário.

Unha parte da obra de Valle-Inclán é literatura regional galega en castellano. Ao pasar do modernismo ao expresionismo, Valle abandona o seu regionalismo de outros tempos.

O esperpentismo ten unha origen castellana popular, beneficiada anteriormente pola picaresca, Quevedo, Goya, Arniches. É a visón do marginado, para quen non funcionan os esquemas do poderoso. Non se trata da reazón de un proletariado exterior — o galego — face a nazón dominante. E a resposta de un proletariado interior — o povo como clase — face à moral cavaleiresca.

Neste sentido, Castelao opón-se a Valle-Inclán como a perspectiva do señor se opón à perspetiva do vasalo. Valle escreve para os españois, e Castelao para os galegos.


Mas a evoluzón artística, do esteticismo modernista ao expresionismo satírico, é común aos dous autores, e, frente à atitude beligerante de un Manuel Antonio no que di

respeito a Valle-Inclán — atitude coerente co nacionalismo militante do poeta —, Castelao, influido polo seu próprio pasado de artista modernista, e polas suas relazóns pesoais, trata de recuperar teoricamente a Valle, sustendo que a obra castellana deste é, apesar de todo, galega, e que o mesmo vilanovés é esencialmente galego, ainda cando fustiga e rejeita o galeguismo e os seus representantes mais egrégios.

Houvo mútua estimazón entre estes dous arousáns, e se o diálogo das suas obras é antagónico enquanto o seu último sentido, o diálogo humano dos autores foi amistoso. Mas claro está que isto segundo é anedótico, e categórico aquilo primeiro.

1986


nh



La Voz de Galicia, viernes, 27 de marzo de 1987

DE SOL A SOL

Castelao e o galego

Por RICARDO CARBALLO CALERO

Castelao foi durante moito tempo, entre as pesoas que non se mantiñan na atitude de combatentes do bando vitorioso unha vez rematada a guerra civil, figura xeralmente respeitada. Numerosos grupos que simpatizavan cos ideais da causa vencida, extremaron a devozón polo rianjeiro, facéndoo oráculo sagro en calquer matéria. E outros galegos, que, convitos ou arrastados polos acontecimentos, luitaram nas filas vencedoras, mas que non desejavan perpetuar os antagonismos ou comprendian que o regime franquista tiña os dias contados, somaron-se ao coro dos castelaístas, distiguido raras vezes o político do artista, e tendendo a interpretar de maneira acomodaticia o plausível o que no pensamento ou na conduta do autor das **Cousas** *podia merecerlles mais reservas.*

Mais esta unanimidade no culto como religioso de Castelao non podia perdurar, unha vez dotado o país de novas instituizóns que, en principio, garantian unha liberdade de opinión muitos anos negada en España. Lentamente, foron registando-se aqui e ali reticéncias mais ou menos timidas nos xuizos que sobre Castelao se formulaban. Houbo quen lle negou importáncia como escritor, o que parece avondo desasisado. Agora está bastante de moda negarlle transcendéncia como pintor, o qual, se nos situamos no plano da pintura internacional do seu tempo, e non no da pintura galega histórica, oferece mais visos de sensatez. Mas non vejo que os que pratican unha política francamente adversa ao pensamento de Castelao, ousen polo de agora contestála paladinamente.

A doutrina galeguista de Castelao é inseparável

Castelao e o galego
(*La Voz de Galicia*, 27/03/1987, p. 22)
(*Umha voz na Galiza*, Compostela: Sotelo Blanco, 1992, pp. 253-255)

CASTELAO E O GALEGO

Castelao foi durante moito tempo, entre as pesoas que non se mantiñan na atitude de combatentes do bando vitorioso unha vez rematada a guerra civil, figura xeralmente respeitada. Numerosos grupos que simpatizavan cos ideais da causa vencida, extremaron a devozón polo rianjeiro, facendo-o oráculo sagro en calquer matéria. E outros galegos, que, convitos ou arrastados polos acontecimentos, luitaram nas filas vencedoras, mas que non desejavan perpetuar os antagonismos ou comprendian que o regime franquista tiña os dias contados, somaron-se ao coro dos castelaístas, distiguido raras vezes o político do artista, e tendendo a interpretar de maneira acomodaticia ou plausível o que no pensamento ou na conduta do autor das *Cousas* podia merecerlles mais reservas.

Mas, esta unanimidade no culto como religioso de Castelao non podia perdurar,

unha vez dotado o país de novas instituizóns que, en princípio, garantían unha liberdade de opinión muitos anos negada en España. Lentamente, foron registando-se aquí e ali reticéncias mais ou menos tímidas nos xuízos que sobre Castelao se formulaban. Houbo quen lle negou importáncia como escritor, o que parece avondo desasisado. Agora está bastante de moda negarlle transcendéncia como pintor, o qual, se nos situamos no plano da pintura internacional do seu tempo, e non no da pintura galega histórica, oferece mais visos de sensatez. Mas non vejo que os que pratican unha política francamente adversa ao pensamento de Castelao, ousen polo de agora contestá-la paladinamente.

A doutrina galeguista de Castelao é inseparável da súa conceizón do galego. Un galeguista indiferente ao próprio idioma non é concebível para Castelao. Isto é postulado común a todos os membros das gerazóns do 16 e o 20, as gerazóns das Irmandades da Fala e da revista Nós, qualquer que fose — que non foi unánime — a projeczón na prática deste postulado. Castelao esforza-se por elevar a

supradialectal a sua fala. E esta fala non é para Castelao unha língua fixada polos limites administrativos trazados arbitrariamente en 1833, con unha fronteira meridional deseñada pola realeza e contra a realidade en 1095 ou 1138. A língua de Castelao non é unha língua provincial, mas unha língua de uso transcontinental, porque con pequenas variantes se fala en todo o occidente ibérico e en moitos territórios de África, Asia, América e Oceania. Castelao limita-se a glosar a doutrina de Menéndez Pidal e do romanismo tradicional, segundo o qual do ponto de vista actual da eficácia científica e didáctica, debe afirmar-se a existéncia na Península Ibérica de catro sistemas lingüísticos, todos os quais teñen projeczón extrapeninsular: un de base prerrománica, o eusquera; e tres de base románica, o oriental, o central e o occidental.

Do ponto de vista da política lingüística, Castelao postula a equiparación dos diversos sistemas, cuja unidade hai que preservar no contexto do mundo moderno, evitando a desmembrazón que debilite a competitividade de qualquer grupo. Así hai que entender

as ideias que sobre o futuro do galego espón na súa famosa carta a Claudio Sánchez-Albornoz.

Na práctica, como se pode comprovar co exame do galego escrito e falado nos meios cultos actualmente, está-se impondo a razoável doutrina de Castelao, con algunhas extravagantes divergéncias. Só no terreno ortográfico o galego decretal se opón decididamete ao galego histórico, mantendo, por razóns políticas ou pedagógicas que xa é tempo de considerar superadas, un sistema que non é outro que o castellano, o que parece pusilánime sumisión e perpetuación inecesária de unha lamentábel dependéncia.

Creio que as persoas que pensan sobre esta matéria como pensaba Castelao, e que, dotadas de meios que Castelao non posuiu para levar á prática a doutrina, oferecen unha alternativa menos castellanizante á dogmática administrativa, non deven ser considerados como fora da comuñón geral, porque ultrapasaría todos os limites do escarño que o poder declarase inimigos da língua — como algún desaforado comentarista chega a proferir — aqueles que no próprio Castelao se fundan. ¿Haverá que abrir-lle a

Castelao un novo proceso a condená-lo novamente a morte? ¿Ou exageramos notoriamente, e avondará con expurgar as suas obras, labor que realizaría con doada experiéncia qualquer mozo ordenado e ungido como familiar de unha renovada Inquisizón?

1987



DE SOL A SOL

Política lingüística: memorias dun esquelete

Por RICARDO CARBALLO CALERO

Aqueles galegos interesados en achar fórmulas conciliadoras no que se refere aos problemas postos pola necesidade de encamiñar a corrente viva do idioma por quenlles razonaveis, teñen chegado á crenza de que nesa materia non procede encomendar o curso das cousas a unha fórmula regulamentar de tipo administrativo, semellante á das ordenanzas municipais que rexen os movimentos do tráfico rodado ou o horario de depósito e recollida de detritos domésticos polo servizo de limpeza.

Eses galegos interesados nos problemas postos polo estado do noso idioma, cren que estes son dun carácter mui distinto ao daqueles que surgen da complexidade da vida viciñal e comercial, económica e circulatoria, na cal muitas vezes é puramente convencional, ainda que seña necesario, elegar a banda direita ou a banda esquerda para o trânsito de peóns ou carros, e as sete ou as oito da mañá para o abalo de tapetes sobre a rúa desde as janelas das casas.

Agora non se trata de un problema administrativo, mais de un problema político, e, portanto, hai que resolve-lo conformemente a outras bases, porque se é algo puramente convencional que nos países da Comunidade Económica Europea circulen os carros pola dereita ou pola esquerda, e nengún princ¡pio filosófico está en jogo perante a preferência do sistema británico ou do sistema hispánico, no ocorre o próprio cando se trata de problemas de identidade derian levar-se a cabo con oportunidade gradual e concretar-se como a seguido se indica.

1. Literatura. Nengunha discriminazón será aplicada aos escritores por razón dos usos lingüísticos que se reigstren nos seus textos. En consequencia, no que se refere a subsidios, premios ou adquisazón de obras, non se praticará nengunha desigualdade de trato fundada na normativa adoptada polo autor.

2. Ensino. Os profesores de lingua galega nos níveis pertinentes, convirán provisoriamente entre si o método que pareza aconsellável no que di respeito ao enfoque dos problemas postos pola necesidade de organizar a actividade escolar e de non conculcar o direito á liberdade de cátedra consagrado pola lei. Procurará-se unha coordenazón que deixe a salvo os critèrios científicos concorrentes. Os acordos terán carácter de recomendazóns.

3. Burocracia. A Administrazón utilizará par a confeccZón dos documentos oficiais a normativa que xulgue oportuna a autoridade competente, e seguirá con cuidado a evoluzón dos usos lingüísticos no campo da literatura e da prática docente, para introducir no momento adequado na prosa burocrática as reformas que parezan indispensàveis, a fin de avanzar cara soluzons harmónicas que podan ser asumidas nas súas liñas gerais polas distintas instáncias implicadas no caso.

4. Regulamentazón. Derroga-

Política lingüística: memórias dun esquelete
(*La Voz de Galicia*, 12/02/1988, p. 23)
(*Do Galego e da Galiza*, Compostela: Sotelo Blanco, 1990, pp. 83-86)

POLÍTICA LINGÜÍSTICA: MEMÓRIAS DE UM ESQUELETE

Aqueles galegos interessados em achar fórmulas conciliadoras no que se refere aos problemas postos pola necessidade de encaminhar a corrente viva do idioma por quelhas razoáveis, tenhem chegado à creença de que nessa matéria nom procede encomendar o curso das cousas a umha fórmula regulamentar de tipo administrativo, semelhante à das ordenanças municipais que regem os movimentos do tráfico rodado ou o horário de depósito e recolhida de detritos domésticos polo serviço de limpeza.

---

1 Na ediçom em livro, para além da ortografia reintegrada, aparecem emendadas gralhas um bocado insólitas presentes no jornal. Mas é especialmente de notar a falta da primeira frase completa que inicia o último parágrafo, totalmente ausente no artigo de *La Voz de Galicia*. Marcamos entre parênteses rectos essa anomalia.

Esses galegos interessados nos problemas postos polo estado do nosso idioma, creem que estes som de um carácter mui distinto ao daqueles que surgem da complexidade da vida vizinhal e comercial, económica e circulatória, na qual muitas vezes é puramente convencional, ainda que seja necessário, eleger a banda direita ou a banda esquerda para o trânsito de peons ou carros, e as sete ou as oito da manhá para o abalo de tapetes sobre a rua desde as janelas das casas. Agora nom se trata de um problema administrativo, mas de um problema político, e, portanto, hai que resolvê-lo conformemente a outras bases, porque se é algo puramente convencional que nos países da Comunidade Económica Europeia circulem os carros pola direita ou pola esquerda, e nengum princípio filosófico está em jogo perante a preferência do sistema britânico ou do sistema hispânico, nom ocorre o próprio cando se trata de problemas de identidade lingüística. Nom se pode decidir mediante umha ordenança se o laburtano é basco ou nom é basco, ou se o valenciano é catalám ou nom é catalám;

e, conseqüentemente, se deve haver ou nom umha ortografia comum para cada um desses dous pares de formas idiomáticas. Essa é matéria política, na qual o fundamento histórico e social é importante, suficientemente importante para que nom se confie imprudentemente o tratamento da mesma ao Concelhal Delegado de Tráfico ou de Policia Urbana.

Nas dificuldades surgidas a propósito da alternativa entre o monopólio administrativo público do ordenamento do idioma e o respeito ao desenvolvimento normal do mesmo na espontânea vida popular orientada — nom comandada disciplinariamente — pola autoridade moral dos utentes distinguidos — escritores, professores e estudiosos —, caberiam, como resumo do aconselhado pola experiência e avaliamento dos eventos e das propostas manifestas, umhas bases de conduta para os organismos e autoridades competentes que poderiam levar-se a cabo com oportunidade gradual e concretar-se como a seguir se indica.

1. LITERATURA

Nengumha discriminaçom será aplicada aos escritores por razom dos usos lingüísticos que se registarem nos seus textos. Em conseqüência, no que se refere a subsídios, prémios ou adquisiçom de obras, nom se praticará nengumha desigualdade de trato fundada na normativa adoptada polo autor.

2. ENSINO

Os professores de língua galega nos níveis pertinentes, convirám provisoriamente entre si o método que pareça aconselhável no que di respeito à focagem dos problemas postos pola necessidade de organizar a actividade escolar e de nom conculcar o direito à liberdade de cátedra consagrado pola lei. Procurará-se umha coordenaçom que deixe a salvo os critérios científicos concorrentes. Os acordos terám carácter de recomendaçons.

3. BUROCRACIA

A Administraçom utilizará para a confecçom dos documentos oficiais a normativa que julgue oportuna a autoridade competente, e seguirá com cuidado a evoluçom dos usos lingüísticos no campo da literatura e da prática

docente, para introduzir no momento adequado na prosa burocrática as reformas que pareçam indispensáveis, a fim de avançar cara soluçons harmónicas que podam ser assumidas nas suas linhas gerais polas distintas instâncias implicadas no caso.

4. REGULAMETAÇOM

Derrogarám-se as disposiçons e abolirám-se as práticas que eventualmente se revelassem contrárias ao princípio da liberdade legítima, e orientadas a forçar umha soluçom rígida e coercitiva dos problemas presentes, ou a penalizar de modo explícito ou encoberto a conduta lingüística que discrepasse de um modelo de comportamento inflexível.

[Estes princípios deveriam inspirar a política lingüística de um Governo que se apresentou como de progresso e renovaçom, se nom se descobriu que na matéria que examinamos deseja continuar os jeitos do Governo que derrubou mediante um voto de censura. Todos os partidos políticos que hoje componhen a Junta propugnavam desde a

oposiçom umha reforma da política lingüística.] Seria mui negativo para o prestígio dos mesmos —na nossa humilde opiniom — que as esperanças que provocarom, e de cujo cumprimento houvo evidentes sintomas no começo do mandato, fossem relegadas às quendas gregas, por desviaçom fora do campo de jogo do rodado problema, em obediente execuçom de airados alarmes exteriores. Quem governa na nossa terra? A nossa terra, nom é nossa? Aqueles que crêem representar a tradiçom galeguista e o pensamento de Castelao, nom podem esperar outro porvir que serem empurrados ao cemitério de dissidentes, agora que se esborralharom os muros que o separavam do campossanto de católicos? Talvez ali, se conservam um olho de vidro, podam escrever a parte prometida e nom realizada das *Memórias de un esquelete*.

1987

Umha parte do galeguismo político começa a considerar embaraçosa para a o new deal umha parte do pensamento do rianjeiro. A sua declaraçom de que o galego deve achegar-se ao português até reatar a antiga interdependência — doutrina, por outra parte, tam divulgada na tradiçom galeguista —, resulta incómoda para os que consideram toleria a aproximaçom ortográfica, ou mesmo para aqueles, menos violentos e determinados, que propugnam umha táctica minimalista, e manifestam que tal aproximaçom deve ser adiada até dentro de vinte e cinco ou trinta anos, como se o organismo enfermo pudesse ter garantida sem gravíssimos deterioro a persistência do seu funcionamento em tam generoso prazo.

— «Um livro sobre Castelao», *Letras Galegas*. A Corunha: Associaçom Galega da Língua, p. 262. Publicado anteriormente em *Grial*, 77, Vigo, 1982.

ÍNDICE

Prefácio Básico 7

De Rosalía a Castelao 11

As dúas bandas da ría 17

Castelao e o Galego 23

Política lingüística:
Memórias de um esquelete 29

EXPLICIT

Este livro saiu do prelo
em setembro de 2025
em Compostela,
Galiza.

Foi
desenhado,
diagramado e impresso
na Cooperativa Gráfica Sacauntos.

Utilizamos 100% software livre
— GIMP, Inkscape, Scribus e LibreOffice —
no sistema operacional Ubuntu GNU/linux,
e a família de tipografias abertas
INTRO, *Source Serif*, *Source Sans* e
`Source Code`.

O papel
do miolo é reciclado de 90g/m²
e o da capa a mesma cousa em 300g/m².
Evitamos laminar as capas
deste livro para reduzir
o consumo de
plástico.



#1

CADERNOS
DA CÁTEDRA
CARVALHO
CALERO

«Castelao escreveu o que escreveu, e mesmo seria conveniente que o lesen mellor aqueles que no seu nome pretenden excomungar aos que o ven como foi»

«Castelao, enquanto autor de literatura de criazón, é un escritor monolingüe galego que propugna a confluencia do galego co portugués»

«A língua de Castelao non é unha língua provincial, mas unha língua de uso transcontinental, porque con pequenas variantes se fala en todo o ocidente ibérico e en moitos territorios de África, Asia, América e Oceania.»

«Aqueles que crêem representar a tradiçom galeguista e o pensamento de Castelao, nom podem esperar outro porvir que serem empurrados ao cemitério de dissidentes, agora que se esborralharom os muros...?»



XUNTA DE GALICIA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA